

**Instituto Galego de Medicina
Técnica, S.A.**

1. OBXECTIVOS

O Instituto Galego de Medicina Técnica (MEDTEC) ten previsto manter a súa liña de cobertura asistencial nos ámbitos que lle corresponden, garantindo a atención dos pacientes co nivel tecnolóxico, de eficacia e de satisfacción esixidos.

Así mesmo, consolidará a actividade nas novas áreas que entraron en funcionamento ó longo do 2006, Unidade de Resonancia Magnética Móbil e o Laboratorio Produtor de Radiofármacos Emisores de Positróns (Unidade de Radiofármacos PET Galicia). E durante a primeira metade do ano comezará a realización dos estudos PET, no servizo de Medicina Nuclear no hospital do Meixoeiro unha vez rematada a obra que foi necesaria para a súa instalación.

Dende o punto de vista das instalacións e o equipamento, o instituto vai continuar co plan de renovación. En concreto, os aspectos máis importantes deste proceso son:

- ✓ No hospital do Meixoeiro durante o segundo semestre de 2007, vaise renovar a segunda sala de hemodinámica. Tamén está previsto incorporar unha terceira gammacámara ao servizo de medicina nuclear.
- ✓ Rematar, en colaboración co CHUVI, o sistema PACS na área de servizo compartido de diagnóstico por imaxe.
- ✓ Para a segunda metade do 2007 esta prevista a incorporación dunha segunda unidade de de Resonancia Magnética Móbil para satisfacer o incremento da demanda previsto deste tipo de probas nos hospitais comarcais e as fundacións.

De seguido entramos máis polo miúdo nos diferentes ámbitos de actuación do Instituto:

1.1. Unidades de Alta Tecnoloxía

As Unidades de Alta Tecnoloxía dependentes do Instituto están a prestar servizos asistenciais no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) e no Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU).

Cirurxía Cardíaca (A.S.C.)

Para o ano 2007 estímase a realización de 749 procesos asistenciais. Nos últimos anos experimentouse un importante crecemento nas intervencións máis complexas, valvulares e combinadas, valvular – coronaria, en detrimento das intervencións de doenzas coronarias debido ao avance experimentado na abordaxe destas patoloxías mediante técnicas intervencionistas. Así mesmo, consolidarase a ablación auricular coa mellora na calidade de vida para os doentes que isto supón.

No capítulo de investimentos, está prevista a renovación de parte dos aparellos utilizados nas intervencións con CEC.

Cardioloxía Intervencionista (A.S.C.)

A seguridade e efectividade das técnicas intervencionistas en hemodinámica seguen a incrementar a súa demanda así como a complexidade dos procedementos terapéuticos realizados, aumentándose o “ratio” procedementos terapéuticos respecto dos diagnósticos, o número de vasos tratados por paciente así como o número de urxencias atendidas. Deste xeito, para o ano 2007 está previsto incrementar a actividade realizada ata un total de 4.010 procedementos.

Durante o ano 2007 está prevista a renovación da segunda sala de hemodinámica.

A Unidade de Cardioloxía Intervencionista seguirá incrementando a colocación de stents farmacoactivos de acordo coa evolución do coñecemento da especialidade na actualidade.

Oncoloxía Radioterápica

As técnicas radioterapéuticas de tratamento do cancro seguen a experimentar unha crecente demanda tanto pola súa seguridade e efectividade, como polo desenvolvemento do ámbito oncolóxico xeral, tanto diagnóstico como terapéutico.

A unidade de Oncoloxía Radioterápica do Hospital do Meixoeiro leva a cabo un importante volume de actividade, como consecuencia dunha crecente demanda neste eido asistencial, demanda á que responde cunha ampla gama de opcións de tratamento nos ámbitos da teleterapia, braquiterapia de alta taxa e radiocirurxía estereotáxica.

Está previsto manter a oferta de técnicas de braquiterapia, entre as que son de recente incorporación a braquiterapia de alta taxa de esófago e pel, e de baixa taxa de próstata, este último como complemento da braquiterapia de alta taxa que xa se realiza dende hai máis de 5 anos. No ámbito da teleterapia consolidarase a técnica de intensidade modulada de dose. E tamén está prevista a posta en funcionamento doutras técnicas de vangarda como a radiocirurxía corporal e a teleterapia guiada pola imaxe.

Diagnóstico por Imaxe (A.S.C.)

Esta unidade coordina a actividade das unidades fixas e móbiles de resonancia magnética do Instituto. Para satisfacer a evolución da demanda está prevista a incorporación dunha segunda unidade móbil ao longo do 2007.

Medicina Nuclear de Vigo e Ourense (A.S.C.)

As Unidades de Medicina Nuclear de Vigo e Ourense, dan cumprida resposta ás demandas diagnósticas e terapéuticas das poboacións de referencia, cun elevado grao de eficiencia e calidade.

A partir de maio do ano 2007 está previsto que comece a súa actividade o PET-CT da unidade de Medicina Nuclear de Vigo, unha vez rematada a obra realizada para a súa instalación. Tamén temos previsto incorporar unha terceira gammacámara a este servizo para poder atender o crecemento da demanda.

PREVISIÓN DE ACTIVIDADE 2007

<i>Cirurxía Cardíaca</i>	749 procesos
<i>Cardioloxía Intervencionista</i>	4.010 procedementos
<i>Oncoloxía Radioterápica</i>	
teleterapia	1.730 tratamentos
radiocirurxía estereotáxica	90 tratamentos
braquiterapia	225 tratamentos
<i>Diagnóstico por Imaxe</i>	21.210 probas
<i>Medicina Nuclear</i>	13.068 probas

1.2. División de Consultoría

A división de Consultoría manterá no ano 2007 as súas liñas de traballo no eido do asesoramento na compra de equipamento de alta tecnoloxía, planificación técnica de investimentos, dotación completa de hospitais, deseños de instalacións, auditorías de organización e plans funcionais de servizos, entre outras actuacións.

Ademais colabora estreitamente coas outras áreas do Instituto na posta en marcha de plans de calidade e na construción e consolidación da produción do Ciclotrón.

1.3. Unidade de Radiofísica e Protección Radiolóxica

A Unidade de Radiofísica e Protección Radiolóxica xurde como resultado da fusión do Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica que presta os seus servizos no hospital do Meixoeiro e a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica. Os obxectivos desta fusión son fundamentalmente aproveitar as sinerxias e ofrecer ó mercado unha oferta integral en materia de radiofísica e protección radiolóxica nos tres ámbitos, radioloxía, medicina nuclear e radioterapia, de forma eficaz e eficiente, garantindo a continuidade do servizo e en cumprimento da lexislación e os maiores estándares de calidade vixentes en cada momento.

Deste xeito, durante o 2007 a Unidade de Radiofísica e Protección Radiolóxica ten a intención de integrar e adecuar o alcance da certificación ISO 9001 / 2000 das dúas unidades que se fusionan, de acordo cos obxectivos anteriormente sinalados. Actualmente os alcances son:

- Certificación ISO 9001 / 2000 para a prestación dos servizos de protección radiolóxica e radiofísica hospitalaria no ámbito do radiodiagnóstico médico.
- Certificación ISO 9001 /2000 para a prestación dos servizos de protección radiolóxica, dosimetría clínica e control de calidade dos equipos de radiodiagnóstico, medicina nuclear e radioterapia no hospital do Meixoeiro e centros de saúde asociados.

A nova Unidade manterá as liñas de actividade en consonancia co desenvolvemento das novas técnicas de radiofísica e protección radiolóxica. Seguirá competindo no mercado cunha carteira de produtos integral e diferenciada, que ademais inclúe, entre outros, a realización de programas

formativos extraordinarios de común acordo cos clientes, a participación activa na elaboración de procedementos para implantar os programas de garantía de calidade de radiodiagnóstico dos hospitais e o establecemento de procedementos para a realización de probas de aceptación e controis de calidade nos novos sistemas de imaxe dixital.

A unidade seguirá participando activamente en proxectos de investigación con algúns dos servizos de radiodiagnóstico cos que actualmente traballa, e coa liña de colaboración iniciada no ano 2004 apoiando ao Hospital de São João de Oporto, agora no ámbito da medicina nuclear.

No presente ano tamén terá un relevante papel na posta en marcha e aplicación clínica do PET-CT.

1.4 Unidade de Radiofármacos PET Galicia

A Unidade de Radiofármacos PET Galicia, o laboratorio produtor de radiofármacos emisores de positróns, instalado no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) estará en disposición de subministrar radiofármacos PET ao Servizo de Medicina Nuclear dese complexo hospitalario no último trimestre do ano 2006. Durante o 2007 ten previsto consolidar e incrementar a súa produción unha vez comece a súa actividade o PET-CT do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Xunto co obxectivo de producir e subministrar isótopos para exploracións clínicas con PET, a Unidade poderá comezar coa activade no ámbito da investigación científica en colaboración co Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e coa Universidade de Santiago de Compostela.

2. INVESTIMENTOS

Continuando co forte esforzo inversor realizado polo instituto nos últimos anos destinado fundamentalmente ao incremento da capacidade de produción, para satisfacer a demanda dos pacientes, e a posta en funcionamento das novas actividades encomendadas, unha Unidade PET , o Laboratorio de Produción de Radiofármacos para Unidades PET e a Unidade de Resonancia Magnética Móbil, durante o ano 2007 o proxecto de investimentos pretende fundamentalmente completar a actualización dos equipos e instalacións. Para iso destínase un orzamento que ascende a 5,2 millóns de euros, o que representa un 17 % dos ingresos estimados para este ano, entre os que cabe salientar:

- Renovación dunha segunda sala de hemodinámica.
- Unha segunda unidade de resonancia magnética móbil.
- Unha gammacámara e a obra correspondente.
- Diverso equipamento de radiofísica e protección radiolóxica.
- Rehabilitación e reforma de dous edificios no Hospital do Rebullón para o traslado da área de dirección e administración situada no Hospital do Meixoeiro.

3. FINANCIAMENTO

Para acometer o proxecto de investimentos, utilizaremos por unha banda recursos propios xerados pola actividade desenvolvida polo Instituto e, por outra, recursos alleos formalizados como arrendamentos financeiros.

4. OPERACIÓNS DE EXPLOTACIÓN

4.1.- Ingresos

Tendo en conta a demanda prevista, estímase uns ingresos de explotación para o ano 2007 de case 30 millóns de euros, dos que o 84 % corresponde o Contrato programa e o resto outra facturación das Unidades de Alta Tecnoloxía, Radiofísica e Protección Radiolóxica e as novas actividades do Instituto (PET, Resonancia Móvil e a Unidade de radifármacos PET):

✓ Subvención a explotación:	25.100 mil Euros
✓ Outros ingresos UAT:	2.648 mil Euros
✓ Radiofísica e Protección Radiolóxica:	349 mil Euros
✓ Novas actividades:	1.900 mil Euros

4.2.- Gastos

Para acadar os obxectivos de actividade, amortizacións e contención das listas de espera estímase uns gastos de 29,96 millóns de euros. As partidas principais son as seguintes:

- Gasto en aprovisionamentos de 14.269 miles de euros, o que supón un 48 % do gasto total. Cabe salientar, que unha parte deste gasto, corresponde aos materiais e servizos asistenciais recibidos dos hospitais nos que se atopan situadas as Unidades
- O gasto de persoal ascende a 11.784 miles de euros, o que representa o 39 % do gasto total do Instituto. De dita cantidade arrededor de 450 mil euros corresponden a novas liñas de actividade.

4.3. Amortización

O gasto por amortizacións ascende a 1,9 millóns de euros, dos que 927 mil corresponden a inmovilizado inmaterial, e os restantes a inmovilizado material.

4.4.- Servizos exteriores

Neste concepto engádense servizos non asistenciais recibidos dos hospitais nos que se atopan emprazadas as Unidades e outros concertados con empresas ou particulares alleos ó Instituto, que supoñen un 6,8 % do gasto total.

4.5.- Gastos Financeiros

A previsión de gastos financeiros é de 130 mil euros, orixinados polos arrendamentos financeiros contratados polo Instituto.

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

SOCIEDADE: INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A.

Miles de euros

	DEBE		HABER
REDUCCIÓN DE EXISTENCIAS		AUMENTO DAS EXISTENCIAS	
APROVISIONAMENTOS	14.269	VENDAS NETAS	4.897
GASTOS DE PERSOAL	11.784	Vendas nacionais	0
Soldos e salarios	11.784	Exportacións	0
Seguridade Social a cargo da empresa	0	Prestación de servicios	4.897
Indemnizacións	0	INGRESOS ACCESORIOS DA EXPLOTACIÓN	0
Contribucións a sist. complementarios de pensións	0	Alugueiros	0
Outros	0	Outros	0
AMORTIZACIÓNS	1.862	INGRESOS FINANCIEROS E ASIMILADOS	96
Do inmovilizado material	935	Dividendos	0
Do inmovilizado inmaterial	927	Xuros	0
De gastos de establecemento	0	Diferencias positivas de cambio Inv.financ.temporais	0
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DO INMOBILIZADO	0	Diferencias positivas de cambio Inv.financ.permanentes	0
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DE TRAFICO	0	Outros	96
Variación das provisións de existencias	0	Ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados	0
Variac. Prov. de perdas Ctos. Incobrables	0	SUBVENCIONES A EXPLOTACIÓN	25.100
Variacións outras provisións de tráfico	0	Da Comunidade Autónoma	25.100
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	2.048	Doutros Entes Públicos (con detalle)	0
Servicios exteriores	2.048	Doutros (especificar)	0
Impostos sobre beneficios	0	TRABALLOS REAL. EMPR. PARA O SEU INMOBILIZADO	0
Outros tributos	0	INGRESOS ORDINARIOS	30.093
Outros gastos de xestión corrente	0	PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0
Dotación ó fondo de reversión	0		
GASTOS FINANCIEROS E ASIMILADOS	130		
De obrigas e bonos	0		
De préstamos e créditos	0		
Por descontos de efectos comerciais	0		
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. temporais	0		
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. permanentes	0		
Outros	130		
Gastos para distrib. en varios exercicios, aplicados	0		
VARIACIÓN PROV. INVEST. FINANCIEROS	0		
A longo prazo	0		
A curto prazo	0		
SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0		
GASTOS ORDINARIOS	30.093		
BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0		
RESULTADOS NETOS DE SUBVENCIONES	-25.100		
+BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0		
+SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0		
-SUBVENCIONES Á EXPLOTACION	25.100		
-PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0		

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007
ORZAMENTO DE CAPITAL

SOCIEDADE: INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A. Miles de euros

	ORIXE DE FONDOS	APLICACIÓN DE FONDOS
RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	1.862	0
Cash-flow actividades ordinarias	1.862	
Amortizacións	1.862	
Provisións netas de explotación (debe-haber)	0	
Gastos e ingresos para distribuír en varios exercicios, aplicados	0	
Resultado ordinario antes de subvencións	-25.100	
Subvencións netas á explotación	25.100	
Diferencias de cambio netas de explot.temp.(debe-haber)	0	
Diferencias de cambio netas de explot.perm.(debe-haber)	0	
Gastos e ingresos extraordinarios	0	
APORTACIÓNS DE CAPITAL	0	
Da Comunidade Autónoma	0	
Doutros entes públicos	0	
De sociedades públicas	0	
Doutros (especificar)	0	
SUBVENCIONS DE CAPITAL	0	
Da Comunidade Autónoma	0	
Doutros entes públicos	0	
Doutros (especificar)	0	
OUTROS INGRESOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO	3.753	
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	
Préstamos doutros entes públicos	0	
Crédito oficial	0	
Empréstitos e outros pasivos análogos	3.753	
Préstamos de empresas do grupo	0	
Préstamos de empresas asociadas	0	
Préstamos doutras empresas	0	
Acredores a longo prazo das Administracións públicas	0	
Acredores a longo prazo excepto das Admóns. públicas	0	
ALLEAMENTO DE INMOBILIZADO	0	
Inmobiliado material	0	
Inmobiliado inmaterial	0	
Alleamento inmobiliado financeiro	0	
Empresas do grupo	0	
Empresas asociadas	0	
Outros investimentos financeiros	0	
ALLEAMENTO DE ACCIÓNS PROPIAS		
CANCELACION ANTICIPADA OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE INMOBILIZACIONS FINANCEIRAS	0	
Empresas do grupo	0	
Empresas asociadas	0	
Outros investimentos financeiros	0	
TOTAL ORIXES	5.615	
DIMINUCIÓN CAPITAL CIRCULANTE	573	
PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS		
ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS		0
GASTOS DE ESTABLECEMENTO E FORMALIZACIÓN DE DEBEDAS		0
Gastos de constitución, primeiro establecemento e ampliación de capital		0
Gastos, emisión de débeda e outros gastos financeiros diferidos		0
ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO		5.204
Inmobiliado material		3.102
Terreos e construcións		1.360
Instalacións técnicas e maquinaria		1.304
Outras instalacións, utensilios e mobiliario		0
Anticipos e inmobiliacións materiais en curso		0
Outro inmobiliado material		438
Inmobiliado inmaterial		2.102
Gastos de investigación e desenvolvemento		0
Propiedade industrial		0
Fondo de comercio, dereitos de traspaso		0
Outro Inmobiliado inmaterial (especificar)		2.102
Inmobiliado financeiro		0
Empresas do Grupo		0
Empresas asociadas		0
Outros investimentos financeiros		0
ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS		
REDUCCIÓN DE CAPITAL		
DIVIDENDOS E OUTROS REPARTOS DE BENEFICIOS		0
A Comunidade Autónoma		0
A outros entes públicos		0
A sociedades públicas		0
A outras (especificar)		0
CANCELACION OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE DEBEDA		984
Préstamos da Comunidade Autónoma		0
Préstamos doutros entes públicos		0
Crédito oficial		0
Empréstitos e outros pasivos análogos		984
Préstamos de empresas do grupo		0
Préstamos de empresas asociadas		0
Doutras débedas		0
De provedores de inmobiliado e outros		0
TOTAL APLICACIÓNS		6.188
AUMENTO CAPITAL CIRCULANTE		0.K.

VARIACIÓN DO FONDO DE MANIOBRA	
-Aumento das existencias	0
-Aumento de accionistas polos desembolsos esixidos	0
-Aumento debedores excepto Admóns.públicas	210
-Aumento debedores das Admóns.públicas	-10
-Aumento contas financeiras	-169
-Aumento axuste pola periodificación de activos	0
ACTIVO CIRCULANTE	31
-Redución das existencias	0
-Aumento acred. curto prazo excepto Admóns.públicas	611
-Aumento acredores curto prazo das Admóns.públicas	-7
-Aumento axuste pola periodificación de pasivos	0
PASIVO CIRCULANTE	604
VARIACIÓN FONDO DE MANIOBRA	-573

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007
BALANCE DE SITUACIÓN
SOCIEDADE: INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A. Miles de euros

ACTIVO	2.005	2.006	2.007	
Accionistas (socios) por desembolsos non esixidos	0	0	0	
Gastos de establecemento	0	0	0	
Inmobilizado inmaterial neto	1.857	1.556	2.731	
Inmobilizado material neto	2.827	6.233	8.400	
Provisións do immobilizado non financeiro	0	0	0	
Inmobilizado financeiro neto	108	105	105	
Accións propias	0	0	0	
Gastos para distribuir en varios exercicios	103	130	130	
Accionistas por desembolsos esixidos	0	0	0	
Existencias	226	201	201	
Debedores ordinarios	2.028	1.902	2.112	210
Debedores administracións públicas	162	200	190	-10
Contas financeiras	3.548	3.764	3.595	-169
Axustes por periodificación	74	0	0	
TOTAL ACTIVO	10.933	14.091	17.464	

PASIVO	2.005	2.006	2.007	
Fondos propios	3.262	3.112	3.112	
Subvencións en capital	0	0	0	
Diferencias positivas de cambio	0	0	0	
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0	
Provisións para riscos e gastos	1.173	1.173	1.173	
Acredores a longo prazo	1.313	2.713	5.482	
Acredores a curto prazo, ordinarios	4.671	6.373	6.984	611
Acredores a curto prazo, administracións públicas	514	720	713	-7
Provisións para operacións de tráfico	0	0	0	0
Axustes por periodificación	0	0	0	
TOTAL PASIVO	10.933	14.091	17.464	

IFM 07/06

210
-10
-169

611
-7
0

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007		
CADRO DE FINANCIAMENTO		
SOCIEDADE: INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A.	Miles de euros	

	2.005	2.006	2.007
Máis : RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIONS (antes de subvencións)	-20.644	-21.771	-23.238
Menos : AUMENTOS DAS NECESIDADES OPERATIVAS DE FONDOS	-664	-2.468	-404
Existencias	-47	-25	0
Debedores excepto Administracións Públicas	-402	-126	210
Axustes pola periodificación de activos	-2	0	0
Accionistas polos desembolsos esixidos	0	0	0
Debedores das administracións públicas	112	38	-10
Acredores de administracións públicas	-52	-206	7
Acredores excepto administracións públicas	-273	-2.149	-611
Axustes por periodificación pasivos	0	0	0
Igual : FONDOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	-19.980	-19.303	-22.834
Máis : RECURSOS EXTERNOS OBTIDOS	23.202	24.851	28.853
Contribucións de capital	0	0	0
Subvencións en capital	0	0	0
Subvencións á explotación	21.889	22.722	25.100
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0
Financiamento alleo a longo prazo	1.313	2.129	3.753
Alleamento de inmovilizado	0	0	0
Alleamento de accións propias	0	0	0
Cancelación ant. traspaso a curto prazo inmovilizaci3ns financeiras	0	0	0
Igual : TOTAL FONDOS OBTIDOS	3.222	5.548	6.019
Menos : DOTACIÓNS	-3.778	-5.332	-6.188
Accionistas por desembolsos non esixidos	0	0	0
Gastos de establecemento e formalizaci3n de debedas	0	0	0
Inmovilizado material	3.264	4.831	3.102
Inmovilizado inmaterial	0	0	2.102
Inmovilizado financeiro	0	0	0
Adquisici3n de accións propias	0	0	0
Reducci3n de capital	0	0	0
Dividendos e outros repartos de beneficios	0	0	0
Cancelaci3n ou traspaso a curto prazo de debedas a longo prazo	514	501	984
Provisi3ns para riscos e gastos	0	0	0
Igual : TOTAL CONTAS FINANCEIRAS XERADAS	-556	216	-169
Máis : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO INICIAL)	4.104	3.548	3.764
Igual : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO FINAL)	3.548	3.764	3.595

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007	
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	
SOCIEDADE: INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A.	Miles de euros

	2.005	2.006	2.007	
Vendas Netas, prestación de servicios e outros ingresos de explotación	2.893	4.243	4.897	
Máis : Variación de existencias de productos terminados e en curso		0	0	
Máis : Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado	0	0	0	
Igual : VALOR DA PRODUCCIÓN	2.893	4.243	4.897	
Menos : Aprovisionamentos	12.018	13.316	14.269	
Menos : Gastos externos e de explotación	0	0	2.048	
Igual : VALOR ENGADIDO DA EMPRESA	-9.125	-9.073	-11.420	
Menos : Outros gastos	1.563	1.816	0	
Menos : Gastos de persoal	9.984	10.768	11.784	
Igual : RESULTADO BRUTO DA EXPLOTACIÓN	-20.672	-21.657	-23.204	
Menos : Dotacións para amortización de inmovilizado	806	951	1.862	
Menos : Dotacións ó fondo de reversión	0	0	0	
Menos : Insolvencias de Créditos e Variación provisións de Tráfico	32		0	
Igual : RESULTADO NETO DA EXPLOTACIÓN	-21.510	-22.608	-25.066	
Máis : Ingresos financeiros e outros ingresos a distribuír imputados	111	96	96	
Menos : Gastos financeiros	51	48	130	
Menos : Dotacións para amortizacións e provisións financeiras	0	0	0	
Igual : RESULTADO ACTIVIDADES ORDINARIAS	-21.450	-22.560	-25.100	O.K.
Máis : Resultado proc. do inmovilizado e ingresos e gastos excepcionais	-35	0		
Menos : Variación das Provisións do inmovilizado		0	0	
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS E SUBVENCIÓNS	-21.485	-22.560	-25.100	
Máis : Subvencións netas á explotación	21.889	22.722	25.100	
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	404	162	0	
Menos : Impostos sobre sociedades e outros	93	0	0	
Igual : RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS (BENEFICIO OU PERDA)	311	162	0	

